

1000



medidas





100 Medidas de Gobierno

1 **Unidade contra a crise: avanzar na modernización de Galicia**

Economía

1. **Acadaremos en 2013 a plena converxencia en renda media por habitante coa Unión Europea.**
2. Crearemos o **Instituto Galego de Finanzas e Promoción Económica**, desenvolvendo o seu papel de transmisión de fomento do tecido empresarial de Galicia, e apoio ás empresas e os seus proxectos.
3. Aprobaremos unha nova **Lei de Caixas de Aforro**, para aumentar a coordinación e a cooperación entre as mesmas; para impulsar o seu papel dinamizador da economía nos ámbitos estratéxicos: potenciar a obra social, reforzar o carácter democrático nos seus órganos de goberno, e incrementar a protección dos usuarios.
4. **Triplicaremos o apoio financeiro ás empresas ata acadar os 2.000 millóns de euros este ano.**
5. Continuaremos coa **política de contención do gasto corrente na Administración autonómica.**

Emprego

6. **Comprometémonos a manter a taxa de parados puntos por baixo da media española.**
7. **Comprometémonos a acadar unha taxa de estabilidade superior ao 75% no horizonte da lexislatura.**
8. Potenciaremos a **contratación de 20.000 traballadores ao ano** mediante incentivos ás empresas de menor tamaño.
9. **Reduciremos nun 25% o número de accidentes laborais e elaboraremos o II Plan Estratéxico para a Prevención de Riscos Laborais 2011-2013.**
10. Elaboraremos unha **Lei de Emprego de Galicia**, que establecerá os dereitos e deberes dos demandantes de emprego e das empresas na súa relación co Servizo Público.
11. **Acadaremos os 90.000 beneficiarios anuais no sistema de formación para o emprego.**
12. Elaboraremos o Plan Integral do Traballo Autónomo 2009-2013, no marco do Diálogo Social e **poremos en marcha o Consello Galego do Traballo Autónomo.**



Modernización (Comercio e Industria, I+D+i, Enerxía, Solo Industrial)

13. Aprobaremos a **Lei de Ordenación do Comercio de Galicia**, elaboraremos un Plan Estratéxico de Mellora da Competitividade do Comercio e constituiremos o Consello Galego de Comercio.
14. Incrementaremos a **cooperación co sector do automóbil** para mellorar a competitividade e paliar as dificultades polas que atravesamos o sector.
15. Elaboraremos o Plan Galego de I+D+i 2011-2015 e **acadaremos un nivel de esforzo en I+D+i que supere o 2% do PIB en 2013.**
16. **Duplicaremos o número de investigadores ata chegar aos 10.000** nas universidades, nos centros tecnolóxicos e nas empresas.
17. **Universalizaremos o acceso á Banda Ancha de todos os galegos e galegas.**
18. **Implantaremos puntos de acceso WIFI en espazos de interese social, singularmente no rural e completaremos a implantación da TV dixital terrestre.**
19. **Elaboraremos un Plan Director de Enerxías Renovables, un Plan de Eficiencia e Aforro de Enerxía e un Clúster da Enerxía.**
20. Aprobaremos un **Plan Sectorial de Solo Empresarial** que porá en servizo 42 millóns de metros cadrados de superficie empresarial.

Medio Rural

21. **Fomentaremos a contratación dos seguros agrarios como instrumentos coadjuvantes de protección de rendas.**
22. **Apoiaremos a agricultura e gandería ecolóxica e impulsaremos producións extensivas e integradas.**
23. Elaboraremos a **Lei de Montes de Galicia** e impulsaremos as unidades de xestión forestal para a ordenación dos terreos.
24. **Intensificaremos a aplicación de controis de calidade ambiental e gandeira.**

Pesca

25. Poremos en marcha un **Plan de Xestión do Marisqueo que permitirá a creación de 1.500 empregos** nos próximos catro anos.
26. **Estableceremos axudas de 50.000 euros para que os menores de 40 anos poidan mercar embarcacións de pesca artesanal.**
27. **Crearemos 6 novas reservas mariñas** e poremos en marcha a **Cidade do Mar** como centro de referencia e de investigación mariña en Vigo.
28. Melloraremos e optimizaremos os medios materiais dedicados á seguridade marítima.


$$E=MC^2$$

2 Continuar o cambio: a Galicia do benestar.

Educación

29. Aprobaremos a **Lei de Educación de Galicia**, un gran pacto que situará ao noso sistema educativo na equidade, a calidade e a excelencia, e continuaremos co Programa de Gratuidade dos Libros de Texto.
30. **Crearemos 10.000 prazas de escolas infantís** para superar amplamente a cobertura do 33% da Unión Europea e favorecer a conciliación da vida familiar e laboral.
31. **Investiremos 500 millóns de euros na próxima lexislatura no Plan de Construción de novos centros.**
32. En todos os centros educativos impartirase inglés dende alomenos e en todos os centros de secundaria impartirase alomenos unha materia en inglés. Duplicaremos o número de alumnos beneficiarios dos programas de inmersión Lingüística no estranxeiro ata acadar os 15.000 na lexislatura.
33. **Todas as aulas dos centros educativos públicos terán acceso a Internet.**
34. Investiremos **700 millóns de euros** para incrementar ata o 50% os mozos e mozas que estuden FP co obxectivo de que **o 90% dos titulados en FP atopen traballo nos seis meses seguintes ao remate dos estudos**; crearemos 5.000 bolsas-salario para os estudantes de FP.

Universidades

35. Presentaremos no Parlamento unha nova **Lei de Universidades** no ano 2009 e duplicaremos a contía das bolsas do programa Erasmus.
36. **Aprobaremos o novo Plan de Financiamento Universitario 2010-2015**, e investiremos mais de **6.000 euros por estudante** do Sistema Universitario de Galicia.

Cultura

37. Elaboraremos unha nova **Lei de Bibliotecas** e crearemos o **Consortio galego de bibliotecas públicas**, para o incremento da cooperación entre as distintas administracións; así mesmo elaboraremos un **Plan para o artellamento das redes de Museos, Patrimonio Arqueolóxico e Bens Etnográficos**.
38. Constituíremos o **Arquivo Universal Dixital do Audiovisual Galego**, como ferramenta de conservación, difusión e posta en valor do noso patrimonio audiovisual.
39. Divulgaremos a oferta cultural de Galicia incluíndo a **promoción e coñecemento da Cidade da Cultura**, instrumento dotado agora dun modelo axeitado de xestión, dirección e promoción; que abrirá as súas portas no ano 2010.

Lingua

40. Crearemos o **Consello Social da Lingua Galega**, no marco da Lei de Normalización Lingüística.
41. **Impulsaremos a colaboración co Instituto Cervantes para que se difunda a nosa lingua e cultura por todo o mundo** e colaboraremos co Goberno de España e coas Comunidades Autónomas con lingua propia na potenciación do "Consejo de las Lenguas".

Sanidade

42. Aprobaremos a **Lei de Saúde Pública de Galicia** e promoveremos a nova Lei de Farmacia, co fin de mellorar a asistencia farmacéutica.
43. Elaboraremos unha **Lei de Garantía de Tempos Máximos de Demora**, co obxectivo de acadar ao final da lexislatura unha media de 30 días para consultas e 50 días para intervencións cirúrxicas.



44. Continuaremos cun **registro riguroso e transparente das demoras**, garantindo o acceso da cidadanía á información a través de internet.
45. **Finalizaremos o Plan Director de Infraestruturas Sanitarias 2008-2013 e a aprobación dun novo Plan** de construción, adecuación e modernización das infraestruturas sanitarias, promovendo a construción de Centros de Alta Resolución.
46. **Reduciremos as tarxetas sanitarias a 1.250 por médico de familia e 900 por pediatra.**
47. **Ampliaremos ata os 18 a gratuidade de empastes e endodoncias e implantaremos, progresivamente, a gratuidade das próteses dentais para as persoas maiores.**

Igualdade de oportunidades (Benestar social, dependencia, maiores, xuventude)

48. **Prestaremos servizo a 50.000 dependentes, creando 15.000 empregos para cubrir estas prestacións.**
49. **Ampliaremos a teleasistencia a todas as persoas maiores de 80 anos que vivan solas, e maiores dependentes ata os 35.000 usuarios; ampliaremos tamén a cobertura do transporte adaptado para as persoas dependentes, ata acadar 8 millóns de desprazamentos anuais, con cobertura en todos os Concellos galegos.**
50. **Construiremos 50 centros de día comarcais de atención aos dependentes.**
51. **Manteremos o complemento autonómico das pensións non contributivas.**
52. **Elaboraremos campañas de concienciación sobre o VIH e as enfermidades de transmisión sexual, que cheguen adecuadamente á mocidade.**

53. **Promoveremos 2.000 contratos de formación para investigadores mozos nas empresas.**
54. **Estenderemos a gratuidade dos anticonceptivos e seguiremos dispensando gratuitamente a pílula do día seguinte.**
55. **1.000 alumnos de FP realizarán prácticas no 2013 en empresas europeas.**

Igualdade

56. **Propiciaremos a ocupación das mulleres ata chegar ao 50% do emprego.**
57. **Continuaremos na procura da igualdade real de mulleres e homes, ata conseguir que a igual traballo igual salario.**
58. **Fomentaremos o desenvolvemento de medidas de acción positiva no seo da negociación colectiva** co fin de **promover a presenza das mulleres nos órganos de responsabilidade e de xestión.**
59. **Estableceremos un Protocolo de prevención do acoso laboral no ámbito do traballo** e poremos en marcha un **Plan Galego de Sensibilización e Prevención**, como instrumento global e sistemático da actuación das distintas administracións públicas para sensibilizar ao conxunto da sociedade e a adoptar accións que dean resposta a estas situacións violentas.
60. **Promoveremos que as axudas económicas previstas nas leis galegas ás mulleres vítimas da violencia de xénero, sexan abonadas nun prazo non superior a 15 días.**
61. **Promoveremos a creación de xulgados de violencia de xénero en todas as cidades galegas** e elaboraremos un **registro de maltratadores** con ordes de afastamento e sentenzas firmes.



3 Dar forza a Galicia: un territorio vertebrado e sostible.

Ordenación do territorio e urbanismo

- 62. Garantiremos que o 100% da poboación estea a menos de 30 minutos dunha vía de alta capacidade.
- 63. Aprobaremos definitivamente as Directrices de Ordenación do Territorio e o Plan de Ordenación do Litoral.
- 64. Iniciaremos o Plan Territorial Integrado dos Espazos Metropolitanos de A Coruña-Ferrol e Vigo-Pontevedra.
- 65. Elaboraremos o II Plan de Reequilibrio Territorial para impulsar o mantemento da actividade económica e do tecido social en áreas con dificultades.

Infraestruturas

- 66. Licitaremos obra pública por 2.000 millóns de euros no ano 2009, creando 40.000 empregos.
- 67. Mantemento do compromiso da Administración Xeral do Estado con Galicia, plasmada nunha porcentaxe do investimento territorializado non inferior ao 8% do total.
- 68. Ampliaremos a capacidade da AP9, especialmente no contorno das áreas metropolitanas e urbanas de Galicia; intensificaremos o control e vixiancia da prestación do servizo na AP9 e no resto das autoestradas de peaxe, impondo á concesionaria as obrigas pertinentes para a mellora da calidade na prestación do servizo, sen maiores importes para os usuarios que os establecidos na venda que lamentablemente asinou o Partido Popular.
- 69. Investiremos 5.000 millóns de euros para executar o Plan Director de Estradas de Galicia e construiremos 400 kilómetros de vías de alta capacidade dos que 184 serán autovías libre de peaxe.

- 70. Investiremos máis de 100 millóns de euros para eliminar todos os tramos de concentración de accidentes.
- 71. Remataremos nesta lexislatura as conexións co Cantábrico, coa Meseta e con Portugal.
- 72. Seguiremos a impulsar a conexión en AVE das cidades galegas para o ano 2012 e con Portugal no 2013. Desenvolveremos os acordos con outras administracións para a realización das estacións do AVE nas cidades de Galicia; asemade, poremos en funcionamento un Ente de Xestión dos Ferrocarrís de Galicia.
- 73. Aprobaremos a Lei de Fomento do Transporte Público de viaxeiros de Galicia e 1.500.000 galegos farán uso do Transporte Metropolitano.



Vivenda

74. **Aprobaremos dacordo cos concellos o Plan Sectorial Galego de Solo Residencial para construír 45.000 vivendas no período 2009-2017.**
75. Potenciaremos a Oficinal Pública de Aluguer co obxectivo de acadar un parque de 4.500 vivendas.
76. Concertaremos co Ministerio **axudas para 70.000 actuacións co fin de lograr o acceso á vivenda das familias galegas durante a próxima lexislatura.**

Medio Ambiente

77. Desenvolveremos o **Plan Galego de Acción contra o Cambio Climático**, poñendo en marcha novas medidas de redución de emisións e impulsando as fontes enerxéticas renovables.
78. **Culminaremos o saneamento integral das rías galegas**, co compromiso de mellorar a calidade das augas en cumprimento das Directivas Europeas e aprobaremos unha nova **Lei de Augas**.
79. **Crearemos novas plantas de xestión de tratamento de residuos e duplicaremos os puntos limpos.**
80. **Ampliaremos a Rede Natura nun 75%** na próxima lexislatura, pasando de 374.000 a 650.000 hectáreas e **aprobaremos o Plan de Desenvolvemento Sostible.**



4 A Galicia dos cidadans: unha Galicia de todos e para todo.

Dereitos e cidadanía: unha democracia que avanza

81. Aprobaremos un **novo Regulamento do Parlamento galego**, máis acaído para unha sociedade madura do século XXI.
82. Aprobaremos a **Carta de Dereitos Cívicos**.
83. **Defenderemos o exercicio do dereito efectivo ao voto dos emigrantes galegos, en urna e por correo, en condicións similares de seguridade xurídica e política que as existentes en Galicia.**
84. Aprobaremos unha nova **Lei de Medios Audiovisuais Públicos de Galicia** e propoñemos a **reforma da Compañía de Radio Televisión de Galicia**, para reforzar o seu papel de servizo público e na promoción da lingua e cultura galegas.

Xustiza

85. Crearemos o **Consello de Xustiza de Galicia**.
86. Incorporaremos o **Expediente Xudicial Electrónico** e impulsaremos a e-xustiza a través dunha oficina xudicial virtual.
87. Desenvolveremos de xeito integral as **agrupacións de secretarías de xulgados de paz** de todo o territorio galego e poremos en marcha un **novo sistema de asistencia xurídica gratuíta**.

Un país máis seguro

88. Desenvolveremos a Lei de Policía de Galicia e **poremos en funcionamento a Policía de Galicia cun despregue inicial de 600 efectivos**.
89. Elaboraremos o **Plan Estratéxico de Xestión de Emerxencias** e incentivaremos a implantación de plans de emerxencia e actuación municipal.

Unha Administración Pública moderna, transparente e eficaz

90. Aprobaremos a **Lei da Función Pública de Galicia** para consolidar a modernización da Administración Pública galega.
91. Aumentaremos a incorporación de persoas con discapacidade na Administración pública galega ata acadar alomenos o 2% dos efectivos totais.
92. Aprobaremos unha nova **Lei de Corporacións Locais de Galicia e propiciaremos a creación dun Observatorio de Políticas Locais**.
93. Apostaremos por un **novo modelo de financiamento local en España** que adecue recursos a competencias, garanta a autonomía e responsabilidade local no ámbito tributario, aposte pola simplificación da xestión tributaria e integre a dispersión e o avellantamento como criterios de determinación dos custes dos servizos.

Impulso ao autogoberno

94. Defenderemos a **aprobación dun novo Estatuto de Autonomía** que, partindo da nosa identidade e dentro da Constitución, nos dote do máximo nivel de autogoberno, para o que buscaremos os consensos necesarios.
95. Promoveremos un **modelo de financiamento substanciado de xeito multilateral no Consejo de Política Fiscal y Financiera**, que atenda ás especificidades de Galicia e permita mellorar sustancialmente o noso financiamento por habitante.
96. Propoñemos a **creación da Axencia Tributaria de Galicia**.



5 A Galicia no exterior: unha Galicia máis forte no mundo.

97. Impulsaremos a **apertura da Delegación da Xunta en Bruxelas** para fortalecer a nosa presenza institucional na Unión Europea.
98. Proseguiremos co cumprimento do Plan Estratégico de Cooperación Galicia-Norte de Portugal 2007-2013, **impulsaremos a Agrupación Europea de Cooperación Territorial Galicia-Norte de Portugal para desenvolver proxectos e iniciativas conxuntas e reforzaremos a presenza internacional de Galicia en Asia e nos países emerxentes.**
99. **Consolidaremos os dereitos sociais e sanitarios dos galegos e galegas residentes no exterior.**
100. **Aumentaremos a porcentaxe do noso PIB adicado a Cooperación ao Desenvolvemento para aproximarnos ao 0,7% e fomentaremos o comercio xusto.**

